

Índice de vendas de comercio polo miúdo. Marzo 2005

COMUNICADO

Continúa a fase de crecementsos positivos do índice xeral de vendas de comercio polo miúdo en marzo de 2005

En marzo de 2005 o índice xeral de vendas de comercio polo miúdo creceu un 5,9% con respecto a marzo de 2004

O índice xeral de vendas de comercio polo miúdo creceu en marzo de 2005, en termos correntes, a unha taxa interanual do 5,9%, cifra que se corresponde cun 7,0% cando se corrixe de efecto calendario. No que vai de ano o índice xeral creceu un 7,4%, un 8,3% se se mide en termos de serie corrixida de calendario.

Por tipo de produto vendido e en termos correntes, observamos que presentan taxas de crecemento positivas o equipamento da persoa (13,3%), os outros bens de consumo (12,9%) e os produtos de alimentación (2,3%) mentres que os produtos de equipamento do fogar presentan unha taxa de crecemento interanual negativa do -3,1%.

O índice de grandes superficies creceu en termos correntes un 9,8%

Atendendo ó tipo de actividade, o índice de comercio especializado creceu un 6,8% mentres que o do comercio non especializado medrou máis modestamente, un 3,5%, dentro deste último, o índice de grandes superficies creceu un 9,8%.

No que vai de ano o índice do comercio especializado creceu un 10,0% e o índice do non especializado un 1,1%. O índice de grandes superficies creceu un 5,5%.

Índice de vendas de comercio polo miúdo. Marzo 2005.


Datos provisionais

	Índice	% variación sobre igual período ano anterior	
		Do mes	Da media do que vai de ano
Xeral	120,3	5,9%	7,4%
Xeral (corrixido de calendario)	121,2	7,0%	8,3%
Por actividade			
Especializado	113,9	6,8%	10,0%
Non especializado	131,0	3,5%	1,1%
Grandes superficies	140,6	9,8%	5,5%

FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo



No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral dende 1999.



FONTE: IGE. Índice de vendas de comercio polo miúdo

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es